



Alén do mar

Antom Labranha

I

Cando o mestre dixo que lles ía amosar un barco, Nemesiño puxo en alerta todos os seus sentidos. No San Xoán seu pai marcharía para a América, nun barco, sucando o mar. Un mar inconcibible que ningún dos dous vira nunca.

Baixo a luz lene que apenas podía traspasar os sucios e raiados vidros da pequena xanela daquel sobrado que facía as veces de aula escolar, os ollos do cativiño brillaron escintilantes percorrendo detalle a detalle a imaxe, amarelada polos anos, do impresionante “vapor”. Aquela ilustración do libro de Don Xusto, unha vella e manida enciclopedia que atesouraba todos os saberes do mundo, habería acompañalo a todas horas.

Ao caer da tarde volvía para a casa moi gallofeiro, a correr pesadamente polos carreiros de lama, mirando en fite para baixo. Non ollaba as pedras por temor a tropezar nelas e caer; nin tampouco ollaba os pés, como adoitan facer os meniños cando van absortos en inescrutables pensamentos nos que con frecuencia se engaiolan. Non, miraba as vellas zocas luxadas que herdara do seu irmán. Sabía que este sería o seu último inverno como neno pobre. De alí a uns meses tería zapatos e así, a seguir do Nadal, tamén os Reis deixarían xoguetes no seu balcón, o mesmo ca no do Manoliño, o neto do “Cubano”. Xoguetes que serían seus!

Á noite, despois de se deitar, chegou o pai. Oíuno tusir con aquela tose atragoada que lle rebentaba o peito. Escoitou como a nai lle dicía:

- A mina vai acabar contigo, Ramón. Porque non lle andas de xornaleiro a Don Ricardo mentres non te vas para Montevideo?

- Veña, oh!, para o que falta ben aguanto. Xa sabes que aquí saco dous reais no día, e el só paga un de xornal.
- Que máis che ten?, moi logo gañarás ben de cartos.

Sentiuno tusir de novo, pero xa nada quitou do seu maxín o eco destas últimas palabras, “ben de cartos”, e con elas adormeceu.

Entre as toses do pai e o desespero contido da nai, os días pasaron lentamente para o Nemesiño, cada vez máis aferrado a esa ilusión que arrolaba os seus soños cada noite.

O pouco que quedaba do inverno foise indo. Logo, unha primavera fresca e vigorosa, co seu maio longo que semellaba non acabar nunca, esténdese fértil polo val. Aqueles días, o mestre recitou un poema que os alumnos debían, decontado, copiar ao ditado. Se cadra o pícaro non entendera demasiado daqueles versos, pero si o suficiente para sospeitar que trataban da viaxe anhelada. Chegou feliz á casa mirando os renglóns escritos no seu caderno esfolado. Foi dereito para a cociña e, moi resabido, a pesar da dificultade silábica que o fixo farfallar un chisco, púxose a ler o poema de viva voz:

Saloucos lonxe da terra

*Espreitando na xanela
os teus ollos negros
danzan nas crenchas
do mar eterno.*

*Danzan xemendo saudades
da outra beira do océano
lá ficaran amizades
de alén do tempo.*

*Ficaran soñando a vida
nunha viaxe de desexo
namorando unha cantiga
que trae o vento:*

*Brincando ven polos riscos
o río baixando á senra
para roubar os teus bicos
rapariga da ribeira.*

A avoa non coñecía o poema pero si a cantiga que nel apenas se iniciaba, traída das Américas polos retornados. Cando o neto rematou a recitación, a vella agasallouno

cantándolla. Lánguida, con un ar de alalá tecido na nostalxia: “Brin-can-do ven po-los ris-cos o rí-o...”. Nemesiño era demasiado novo e inocente para o desasosego e non reparou nas bágoas tremedeiras do seu canto; nin no silencio lúgubre co que a nai o escoitara.

II

O cativo resistiu aleuto tantos meses de espera. Agora, a calor de xuño abríase paso lentamente.

- O día vintedous rematará a escola, co “solsticio” que sinala a entrada do verán-, avisáralles o mestre unha semana antes. O meniño non foi capaz de repetir esa palabra cando llo quixo contar á súa nai mentres, enriba, deitado na cama, o pai tusía con estrondo.

Rematou a escola, ao fin. Nemesiño sabía que tras dese día viña a toda présa o San Xoán. Cheo de ledicia, veu a brincos polas corredeiras de volta para a casa, e cando chegou encontrouna chea de xente. Non entrou; ficou quedo na soleira da porta.

- Adeus!, Ramonciño, adeus!

oíu unha e outra vez, e trepidoulle o corazón ao pensar que toda a aldea viñera a despedir o pai que marchaba para o Uruguai.

Escoitou petos no alpendre do Abelardo, o veciño carpinteiro que tanto lle quería e con quen pasaba tardes enteiras de felicidade. Foi onde el, chamalo para que viñese tamén.

- Que estás facendo, Abelardo? Ven axiña, que meu pai vaise no barco!

Con disimulo, o carpinteiro enxugou no pano de liño as bágoas que de súpeto lle brotaron. Mentres ideaba unha fantasía que librase ao neno daquela naufraxio, cravou a última táboa e asentou a tapa comprobando que axustaba ben.

- É o barco para o teu pai, Nemesiño.

díxolle coa voz entrecortada polo pranto que apenas foi quen de conter.

- Non, non é...! Mentireiro...! O do meu pai ten chemineas!.

Abafado por unha repentina xenreira que o contrariaba, o cativo foise correndo e escondeuse no palleiro. Saloucou durante moito tempo, intuindo que naquel estoxo ninguén podería ser protagonista da máis colosal aventura da humanidade: a travesía oceánica que os afastaría da pobreza para sempre. Quedou durmido crendo ver ao lonxe o fume do “vapor” atravesando un mar infinito que, neste tempo, aprendera a imaxinar como un inmenso e caudaloso río de augas bravas.

Espertou sobresaltado polo barullo que montaba a xente ao saír. Asomouse e veu ao Abelardo que sostiña aquela tapa de madeira nos brazos. Unha vez máis, Nemesiño puxo en alerta todos os seus sentidos. Lixeiro, apoleirose ao carro que estaba alí ao rente. Atrás do carpinteiro, catro homes traían a ombros o pequeno e triste barco de piñeiro. Enrabiouse e desconxuntóuselle o rostro ao comprobar que seu pai ía nel. Entón sentiu por vez primeira como lle apertaban as zocas e zoupándoas, cunha furia irreprimible, berrou:

- Meu pai...! Ese non éeee...!